

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE ABRIL DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se nomea director da Oficina de Coordinación Económica a Juan Carlos Reboredo Nogueira.
- Decreto polo que se dispón o cese de Blanca García-Señoráns Álvarez como directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias a Sandra Vázquez Domínguez.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se dispón o cese de María Sagrario Pérez Castellanos como directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
- Decreto polo que se dispón o cese de María Teresa Gutiérrez López como directora da entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático a Paula Uría Traba.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a Ramón Martínez Boga.
- Decreto polo que se nomea director de Augas de Galicia a Roi Fernández Añón.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Decreto polo que se dispón o cese de Sandra Vázquez Domínguez como secretaria xeral da Igualdade.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Promoción da Igualdade a María Quintiana Pérez.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se nomea director xeral da Loita contra a violencia de xénero a Roberto Barba Alvedro.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se dispón o cese de María Victoria González Vázquez como directora xeral da Axencia Tributaria de Galicia.
- Decreto polo que se nomea directora xeral da Axencia Tributaria de Galicia a Sonia Lanfot Sendino.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón o cese de María Estrella López-Pardo Pardo como xerente do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se dispón o cese de Jorge Aboal Viñas como director xeral de Asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se dispón o cese de María Jesús Piñeiro Bello como directora de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se dispón o cese de Ana María Comesaña Álvarez como directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se nomea xerente do Servizo Galego de Saúde a Jose Ramón Parada Jorgal.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde a Alfredo José Silva Tojo.
- Decreto polo que se nomea directora de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde a Amparo Pousada Soliño.
- Decreto polo que se nomea directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde a María Mar Pousa Cobas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo se dispón o cese de Cristina Pichel Toimil como directora xeral de Xuventude.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Xuventude a Lara Meneses Álvarez.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Decreto polo que se nome directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social a Marta Mariño Regueiro.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se nomea director xeral da PAC e Control da cadea alimentaria a Juan José Cerviño Varela.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón o cese de Susana Rodríguez Carballo como directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
- Decreto polo que se dispón o cese de Roi Fernández Añón como director de Portos de Galicia.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a Marta Villaverde Acuña.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Tui para a execución do Plan de sustentabilidade turística vive a historia, descubre Tui: conexión sustentable entre patrimonio e natureza, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, por un importe total de seis millóns de euros (6.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón do informe sobre a aplicación e desenvolvemento da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral (Loxilga).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado do proxecto de orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25, por importe total de dezasete millóns de euros (17.000.000,00€).
- Acordo polo que se acredita a excelencia científica, técnica ou artística de centros e unidades de I+D+i das universidades do Sistema universitario de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2024 entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa. Importe: cento setenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (173.353,44€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia e o Instituto Galego de Promoción Económica para a execución de actividades da Estratexia integral de optimización loxística de Galicia, por un importe total de catrocentos noventa e tres mil euros (493.000,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Facenda e Administración Pública, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de dous millóns trescentos noventa e dous mil catrocentos vinte e cinco euros (2.392.425,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Eixe de mobilidade sustentable Pontevedra-Marín na PO-546. Treito: Mollavao – Os Praceres, cun orzamento base de licitación de seis millóns douscentos noventa e dous mil cento setenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (6.292.175,99€) e un valor estimado de cinco millóns douscentos mil cento corenta e cinco euros con corenta e cinco céntimos (5.200.145,45€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, por un importe total de nove millóns trescentos trinta mil cincocentos noventa e oito euros con setenta e tres céntimos (9.330.598,73€) e un valor estimado de quince millóns novecentos corenta e dous mil sesenta e un euros con seis céntimos (15.942.061,06€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o desenvolvemento dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica, por importe de cento sesenta e catro mil euros (164.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Orde pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para 2024, por un importe de trescentos trinta e oito mil seiscentos cincuenta e catro euros con dezaseis céntimos (338.654,16€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no artigo do 63 Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como para eximir da obriga de constituír garantías establecidas no artigo 67 do Decreto, na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical Rede galega de música ao vivo en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, por importe de catrocentos mil euros (400.000,00€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para eximir de garantías e superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024 por un importe total de dous millóns trescentos setenta mil euros (2.370.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón do Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Ronsel para o desenvolvemento dun programa Mentoring Traballo Autónomo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da aprobación do Plan de xestión integral das reservas mariñas de interese pesqueiro Os Miñarzos e”Ría de Cedeira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos de aproveitamento de enerxías renovables eléctricas e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria para o ano 2024, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: Mellora da OU-212 (1ª fase). Rectificación de trazado (Beariz) e humanización da travesía de Liñares (Avión).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adxudicación de postos de difícil cobertura nos hospitais comarcais e no ámbito da saúde mental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO SITÚA A JUAN CARLOS REBOREDO NOGUEIRA AO FRONTE DA NOVA OFICINA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que sitúa a Juan Carlos Reboredo Nogueira ao fronte da nova Oficina de Coordinación Económica, con rango de secretario xeral. Trátase dun organismo, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia e que se encargará de avaliar proxectos estratéxicos para a economía da comunidade.

Licenciado en Economía pola Universidade de Santiago é catedrático de Análise Económico nesta institución académica. Gran parte da súa carreira profesional estivo centrada na investigación sobre mercados financeiros e enerxéticos; a análise de riscos financeiros e o impacto do cambio climático nos mercados.

Ademais, Reboredo Nogueira é un dos economistas máis citados en publicacións científicas nos últimos anos e foi avaliador en axencias nacionais e internacionais de investigación e membro do comité editorial de varias revistas de investigación internacionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A SANDRA VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ COMO DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Titulada en Administración e Dirección de Empresas, foi senadora por Lugo entre 2015 e 2016, concelleira do Concello de Vilalba desde 2015 e deputada autonómica desde 2016, ata que en xuño do ano pasado foi nomeada secretaria xeral da Igualdade

O Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe acordou o nomeamento de Sandra Vázquez Domínguez como directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, dentro do organigrama da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Sandra Vázquez naceu en 1986 en Vilalba (Lugo). É titulada en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), máster en Finanzas e Seguros e xestora administrativa polo Colexio Profesional de Xestores Administrativos.

Foi senadora pola provincia de Lugo desde as eleccións xerais de 2015 ata o 2016, sendo vogal da Comisión de Economía e Competitividade, voceira da Comisión de Igualdade e vogal da Comisión de Peticións. Desde 2016 foi elixida deputada autonómica por Lugo no Parlamento de Galicia.

Foi concelleira do Concello de Vilalba desde o ano 2015, ata que xuño de 2023 foi nomeada secretaria xeral da Igualdade, cargo que ocupaba actualmente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA NOMEA A PAULA URÍA TRABA COMO DIRECTORA XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

Este novo departamento asumirá as competencias de autorización administrativa das instalacións de parques eólicos e das súas conexións, así como a declaración da súa utilidade pública

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Paula María Uría Traba como directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Enxeñeira industrial na especialidade enerxética pola Escola Politécnica Superior de Ferrol e Máster en xestión de enerxías renovables pola Universidade de Cádiz, é funcionaria no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, na escala de enxeñeiros industriais.

Desempeñou diversos cargos na Administración autonómica, tanto no Instituto Enerxético de Galicia (Inega) como na Dirección Xeral de Enerxía e Minas da que foi, desde 2015, subdirectora xeral de Enerxía. Así mesmo, en novembro de 2020 foi nomeada directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e, en xuño de 2022, secretaria xeral de Industria. Na actualidade, desempeñaba o cargo de subdirectora xeral de Residuos na Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Cómpre lembrar que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático asumirá as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, tendo en conta o seu papel no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea, e a contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade

Nesa liña, esta nova Dirección Xeral asumirá as competencias de autorización administrativa das instalacións de parques eólicos e das súas conexións, así como a declaración da súa utilidade pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA NOMEA A RAMÓN MARTÍNEZ BOGA COMO DIRECTOR XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

Substitúe no cargo a Sagrario María Pérez Castellanos

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Ramón Martínez Boga como director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Ramón Martínez é técnico especialista de Delineación, Edificios e Obras, así como Grado Arquitecto Máster en Urbanismo pola Escola Superior Gallaecia (Vila Nova da Çerveira).

No ámbito profesional, desenvolveu a súa actividade en varias empresas e desde 2002 é funcionario público do Concello de Vigo, onde desempeñou funcións na área de Fomento (Vías e Obras) e nos Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e de Estatística (Rueiro-Padrón).

Ramón Martínez Boga substitúe no cargo a Sagrario María Pérez Castellanos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE ROI FERNÁNDEZ AÑÓN COMO DIRECTOR DE AUGAS DE GALICIA

Substitúe no cargo a Teresa María Gutiérrez López

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Roi Fernández Añón como director de Augas de Galicia, ente dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Roi Fernández é enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña desde o ano 2002 e é, tamén, graduado en Dereito pola UNED desde 2014. Posúe ademais o Máster de Avogacía e o Máster MBA da Escola de Negocios IESIDE, así como un amplo abano de formación superior específica no sector da obra pública.

No ámbito profesional, inicia a súa carreira no ano 2003 no sector da construción civil como xefe de obra e tres anos despois acada o posto de director dunha das empresas galegas de referencia na que desenvolverá o seu traballo ata 2018, ano no que chega ao sector público como funcionario por oposición.

Funcionario do corpo de profesores de ensino secundario (na especialidade de Matemáticas) e funcionario do corpo facultativo superior de enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Xunta de Galicia, foi nomeado o 10 de outubro de 2019 director de Portos de Galicia, posto que ocupaba na actualidade.

Roi Fernández Añón substitúe no cargo a Teresa María Gutiérrez López.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MARÍA QUINTIANA E ROBERTO BARBA, NOVOS DIRECTORES XERAIS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- María Quintiana asume a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, ata o de agora era responsable de redes sociais no gabinete do Presidente da Xunta
- Á fronte da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero sitúase Roberto Barba, era maxistrado do Xulgado de Violencia de Xénero nº 1 da Coruña

O Consello da Xunta vén de aprobar o nomeamento de María Quintiana, como directora xeral de Promoción da Igualdade, e de Roberto Barba, como director xeral de Loita contra a violencia de xénero.

María Quintiana asume a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade tras desempeñar nos últimos seis anos tarefas de asesoría de comunicación do Presidente da Xunta de Galicia e, nos últimos tempos, era a responsable de redes sociais. Previamente, desenvolveu o labor de responsable de comunicación corporativa e relacións públicas nunha consultora de comunicación, ademais de estar conectada co mundo da cultura galega a través de diferentes proxectos. Nada en Ortigueira en 1991, é licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela, cun mestrado en Dirección en Comunicación Corporativa da EAE Business School e Universitat Politècnica de Catalunya.

O novo director xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero é Roberto Barba. Nado en 1968 en París, ata a actualidade era maxistrado do Xulgado de Violencia de Xénero nº 1 da Coruña, cargo que desempeñou desde o 2022. Ten unha dilatada carreira no ámbito xudicial ao que accedeu no 2007 tras aprobar a oposición a xudicatura. Estivo destinado no Barco de Valdeorras, como xuíz decano e xuíz de instrución; en Betanzos, xuíz decano, de instrución e xuíz de violencia de xénero; en Lugo, maxistrado do Xulgado do Penal nº 2 e especialista en violencia de xénero; e, por último, na Coruña.

No 2015 foi nomeado maxistrado polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Durante preto de 20 anos prestou servizos laborais na empresa privada. Ao longo dos últimos anos enfocou a súa traxectoria profesional ao ámbito da violencia de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA A SONIA LAFONT SENDINO

É licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais e ata o momento ocupaba o posto de xefa do departamento de Xestión na Axencia galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Sonia Lafont Sendino como directora da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Nada en Zaragoza, é licenciada en Ciencias Económicas e Empresarias pola Universidade de Zaragoza e en Dereito pola UNED e ten un mestrado en Administración Financeira e Tributaria pola Escola da Facenda Pública e a Universidade da Coruña.

Sonia Lafont é funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia, Escala Superior de Finanzas, na especialidade de Inspección e Xestión e Intervención. Conta con diplomas de directivo e da Inspección dos Servizos da Xunta.

Exerceu toda a súa vida profesional no ámbito tributario, empezando na Dirección Xeral de Tributos antes de pasar á Axencia Tributaria de Galicia. É vogal do órgano económico administrativo da Xunta e colabora en formación tributaria coas tres universidades galegas e coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Ata o momento ocupaba o posto de xefa do departamento de Xestión na ATRIGA.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA XERENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A JOSÉ RAMÓN PARADA JORGAL

É licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago e ata o momento era director do distrito sanitario de Barbanza

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de José Ramón Parada Jorgal como xerente do Servizo Galego de Saúde. Substitúe no cargo a Estrella López-Pardo.

Nado no ano 1973, é licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela, coa especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria. Posúe un mestrado en xestión e planificación sanitaria pola Universidade Europea de Madrid; así como en materia de Saúde Pública pola Universidade de Santiago; ademais de en Economía da Saúde e Medicamento pola Universidade Pompeu Fabra; e en Dereito Sanitario e Bioética, pola Universidade de Castela-A Mancha.

Actual director do distrito sanitario de Barbanza, foi médico inspector do Instituto Nacional da Seguridade Social e coordinador da lista de espera cirúrxica da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, así como responsable de consultas externas da unidade de dor. Ademais, foi médico de Admisión e Documentación Clínica no Hospital Clínico Universitario de Santiago.

Ademais, o novo xerente do Sergas foi membro do Comité de Bioética da área sanitaria de Santiago e Barbanza, así como de diversas sociedades científicas. Destaca a súa participación na Sociedade Española de Directivos da Saúde, onde forma parte dos grupos de traballo de intelixencia artificial.

Así mesmo, pertence ao grupo de expertos do Proxecto Desenvolvemento Profesional Continuado (DPC).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A ALFREDO JOSÉ SILVA TOJO

É licenciado en Medicina e Cirurxía, especialista en medicina familiar e comunitaria, e ata o momento era subdirector xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria na Consellería de Política Social e Igualdade

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Alfredo José Silva Tojo como director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde. Substitúe no cargo a Jorge Aboal Viñas.

Nado en Santiago en 1973 é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela, especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e mestrado universitario en Xestión e Planificación para directivos da saúde pola Universidade Europea de Madrid.

Ata o momento era subdirector xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria na Consellería de Política Social e Igualdade. Exerceu entre marzo de 2021 e xullo de 2022 como xefe de servizo de Planificación, Innovación Asistencial e Xestión da Información na Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Xuventude. No Sergas, foi director asistencial da área sanitaria da Coruña e Cee; de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; e de Vigo.

Desde 2021 é membro do comité asesor do foro de direccións médicas da Sociedade española de directivos da saúde (SEDISA) e foi coordinador do comité clínico da área sanitaria de Vigo fronte á pandemia da covid-19 de marzo a outubro de 2020.

Entre 2006 e 2008 foi titor de docencia clínica de atención primaria da Universidade de Santiago de Compostela en colaboración coa Facultade de Medicina e Odontoloxía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A AMPARO POUSADA SOLIÑO

É licenciada en Dereito e ata o momento era vicesecretaria xeral na Secretaría Xeral da Presidencia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Amparo Pousada Soliño como directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde. Substitúe no cargo a María Jesús Piñeiro Bello.

Nada en Bueu en 1980 é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionaria de carreira do corpo superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia, subgrupo A1.

Ata o momento era vicesecretaria xeral na Secretaría Xeral da Presidencia. Exerceu entre novembro de 2022 e xullo de 2023 como subdirectora xeral de Coordinación e Planificación na Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.

Entre outros postos, foi subdirectora xeral de Xestión Económico-Administrativa na Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo entre novembro de 2020 e novembro de 2022 e secretaria xeral da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) de outubro de 2017 a outubro de 2020.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A M^a MAR POUSA COBAS DIRECTORA XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

É licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e foi secretaria xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Promoción do Emprego e Relacións Laborais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de M^a Mar Pousa Cobas, como directora xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. Substitúe no cargo a Ana María Comesaña Álvarez.

Nada en 1962, é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e durante a última década desempeñou o seu labor na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas, ocupando o posto de Xefa de sección no seu departamento de Políticas de Persoal.

Pousa Cobas é funcionaria de carreira do Corpo Superior da Administración Autonómica, e durante a súa traxectoria profesional ocupou diferentes cargos na Xunta de Galicia. Entre eles, destacan o de secretaria xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Promoción do Emprego e Relacións Laborais (2004-2005); ou o de subdirectora Xeral de Familia e Menores na Secretaría Xeral de Familia e Benestar (2009-2012).

Así mesmo, tamén foi subdirectora xeral de Persoal e Coordinación Administrativa na Consellería de Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e, no ámbito da docencia, impartiu diferentes cursos na Escola Galega da Administración Pública (EGAP) vinculados á xestión de persoal e dirixidos aos xefes de negociado e de sección da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE LARA MENESES ÁLVAREZ COMO DIRECTORA XERAL DE XUVENTUDE

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Lara Meneses Álvarez como directora xeral de Xuventude na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Graduada en Estudos Franceses e máster en tradución, substitúe no cargo a Cristina Toimil Pichel, responsable desta área desde decembro 2018.

Nada en Tomiño (Pontevedra), ten 26 anos e leva traballado ata o de agora no sector privado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARTA MARIÑO REGUEIRO COMO DIRECTORA XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Titulada en Dereito e funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia ostentou diferentes xefaturas nos últimos anos, sendo na actualidade deputada autonómica pola provincia de Pontevedra

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Marta Mariño Regueiro como directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, unha nova Dirección Xeral dentro do organigrama da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Natural de Ourense afincada en Vigo e Licenciada en Dereito pola Universidade de San Pablo CEU e Máster en Dereito da Propiedade Industrial na Cátedra ICEI, Mariño completou a súa formación en universidades norteamericanas como Columbia ou William and Mary de Virxinia, así como na London Guildhall University de Londres, entre outras.

Tras uns anos de exercicio profesional en despachos e empresas do sector privado, Marta Mariño iniciou a súa traxectoria no sector público en 2008 como funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia e directiva da Administración autonómica. Secretaria territorial na Delegación da Xunta de Galicia en Pontevedra entre xullo de 2023 e febreiro de 2024, foi durante dous anos e medio xefa territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ocupou diferentes xefaturas nos últimos anos. Ten no seu haber o diploma de directiva da Administración autonómica.

Mariño é desde o pasado febreiro deputada autonómica pola provincia de Pontevedra no Parlamento de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA NOMEA NOVO DIRECTOR XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA A JUAN JOSÉ CERVIÑO VARELA

- Veterinario de profesión, dende comezos deste mesmo ano viña desempeñando o cargo de secretario do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), organismo pagador dos fondos agrarios europeos adscrito á Consellería do Medio Rural
- Esta nova Dirección Xeral reforza o organigrama da Consellería do Medio Rural e responde ao compromiso da Xunta de Galicia de racionalizar estruturas administrativas na procura dunha maior eficacia e eficiencia do seu funcionamento

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de Juan José Cerviño Varela como novo director xeral da PAC e do Control da cadea alimentaria, dentro da Consellería do Medio Rural. Licenciado en veterinaria pola USC, vén desempeñando dende principios deste ano o cargo de secretario do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), organismo pagador dos fondos agrarios europeos adscrito á devandita Consellería.

Esta nova Dirección Xeral reforza o organigrama da Consellería do Medio Rural e responde ao compromiso da Xunta de Galicia de racionalizar estruturas administrativas na procura dunha maior eficacia e eficiencia do seu funcionamento.

Con anterioridade, Cerviño Varela foi xefe do Servizo de Auditoría Interna desta mesma entidade entre 2021 e 2024 e inspector de Saúde Pública na área de Pontevedra, tras ser nomeado, no 2020, funcionario de carreira na escala de veterinarios. Antes desa data xa tivera experiencia no Fogga, como técnico do Servizo de Intervención de Mercados.

A súa traxectoria profesional no Fogga estivo vinculada, entre outras cuestións, á xestión da taxa láctea ata a súa desaparición no 2015. A partir de entón, e coa entrada en vigor do “paquete lácteo” e da Lei de funcionamento da cadea alimentaria, realizou labores de control dos contratos alimentarios no sector lácteo durante cinco anos. Exerceu como veterinario clínico en gando vacún de leite dende 1994 ata 2007.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARTA VILLVERDE ACUÑA COMA DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Foi subdirectora xeral de Valorización dos Produtos do Mar dende abril do 2023 ata a actualidade

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Marta Villaverde Acuña coma directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Licenciada en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela, é funcionaria de carreira do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, dende o 2006. Traballou ate novembro de 2012 como inspectora veterinaria de Saúde Pública nos servizos centrais da Consellería de Sanidade. Foi e subdirectora xeral de Valorización dos Produtos do Mar dende abril do 2023 ate a actualidade.

Desenvolveu a maior parte da súa carreira profesional vinculada ao sector primario galego, tanto no sector do Mar como no Medio Rural, ocupando traballos vinculados como Facultativa Veterinaria entre o 2001 e o 2006 e como xefa de área de Seguridade Alimentaria de 2014 a 2016.

Desempeñou labores de Inspección Pesqueira no Servizo de Inspección e Control dos Recursos da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia dende finais de 2012 ate abril de 2014.

Dende novembro de 2016 ate a actualidade desenvolveu a súa carreira profesional vinculada ao sector de Mar ocupando distintos postos: xefa de servizo de Análise e Rexistros, unidade estatística da Consellería do Mar (de novembro de 2016 a maio de 2019), subdirectora xeral de Pesca e Mercados da Pesca (de maio de 2019 a abril de 2023) e subdirectora xeral de Valorización dos Produtos do Mar, (de abril de 2023 ate a actualidade).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NO PLAN TERRITORIAL DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN NÚCLEOS HISTÓRICOS E VILAS TERMAIS CUN INVESTIMENTO DE 2 M€ PARA TUI

- O Consello dá luz verde ao convenio con este concello pontevedrés para que leve a cabo a súa estratexia turística sustentable de impulso do seu núcleo histórico
- Inclúe, entre outras actuacións, recuperación de murallas en diferentes puntos de interese, iluminación eficiente ou dixitalización de recursos patrimoniais

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración co Concello de Tui para a posta en marcha do Plan de sustentabilidade turística neste concello cun investimento de 2M€ que se desenvolverá desde este ano ata 2026. É a cuarta estratexia de sustentabilidade en destino autorizada en Consello da Xunta dentro do Plan territorial núcleos históricos e vilas termais, deseñado polo Goberno autonómico con fondos europeos NextGeneration que botou a andar este ano.

O novo plan para Tui inclúe, entre outras accións, a recuperación de murallas en diferentes puntos de interese, mellora de diferentes prazas do núcleo histórico, rehabilitación da contorna fluvial vinculada ás murallas ou unha iluminación eficiente, entre outras. Tamén se prevé o soterramento do cableado aéreo, a rehabilitación enerxética de edificacións ou locais, dixitalización de recursos patrimoniais, a creación dunha plataforma dixital de comercio local ou a mellora da web de turismo.

Oito estratexias

Ademais deste convenio con Tui e dos autorizados con Vigo para a vila de Bouzas, con Allariz e a Deputación de Ourense, tamén se inclúen os que se irán autorizando próximamente, como o centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra; o plan Mar de Santiago e os do centro histórico de Betanzos e Ribeira Sacra. O Plan territorial inclúe, ademais, a posta en marcha de medidas destinadas ao sector e o concellos, a través de liñas de axudas que se irán deseñando ao longo deste ano.

O Plan territorial de sustentabilidade turística vilas termais e núcleos históricos deseñado por Turismo de Galicia con fondos europeos NextGeneration, onde se insire este convenio, ten unha vixencia ata 2026. Ademais do convenio co Concello de Tui e o autorizado hai unhas semanas coa Deputación de Ourense, o Concello de Allariz e o de Vigo para a vila de Bouzas, tamén se inclúen os que se irán autorizando proximamente.

O Plan de vilas termais e núcleos históricos é o terceiro que a Xunta de Galicia pon en marcha cos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo, tras o Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral (2022-2024) e o de Enogastronomía (2023-2025).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CUN ORZAMENTO DE 6M€

- O Consello da Xunta aprobou estas axudas plurianuais que contan con 5,3M€ para os proxectos no exterior de ONGD e outros 700.000 euros no caso doutros axentes de cooperación
- Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, poderanse financiar como máximo dous proxectos en ambas as liñas, sempre que un deles se leve a cabo nun país considerado prioritario no V Plan director da cooperación galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, que mantén o importe total de 6 millóns de euros. Das axudas totais de 6 millóns, 5,3 millóns son para proxectos no exterior de ONGD e os outros 700.000 euros para proxectos no exterior doutros axentes.

A través desta orde financiaranse proxectos cuxo obxectivo é o de propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza para acadar un desenvolvemento humano solidario.

Coas actuacións previstas preténdese dar cobertura ás necesidades sociais básicas, como a educación e a saúde, o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de recursos hídricos, a habitabilidade e tamén a promoción do tecido económico en materia de agricultura, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

Como novidade, poderase solicitar o anticipo previsto para a segunda anualidade, cunha porcentaxe de execución da primeira anualidade do 75%, cando anteriormente se exixía o 100%. Ademais, permitirase presentar a documentación xustificativa nun prazo de tres meses desde que finalicen as actividades subvencionadas e duplicarase o período de execución dos proxectos, de tres a seis meses. Estas modificacións resultan da adaptación da nova Lei 10/2021, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento da comunidade.

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, poderanse financiar como máximo dous proxectos, tanto no caso de execución por parte de ONGD como doutros axentes, ben sexan individuais ou en agrupación. Deben cumprir o requisito de que polo menos un dos proxectos sexa executado nun país definido como prioritario no V Plan director da cooperación galega, isto é, Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, A República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A diferenza de convocatorias anteriores, a subvención distribúese cun 35% en 2023 e un 65% en 2025. En concreto, cunha dotación de 2,1 millóns neste ano e os 3,9 millóns restantes resérvanse para 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA IMPULSARÁ A APLICACIÓN EFECTIVA DA LEI DE ORDENACIÓN E XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL TRAS RECIBIR O AVAL DO CONSTITUCIONAL

- Salienta que o Consello aprobou “o calendario e pasos a seguir” para aplicar de forma inmediata a normativa que permite a Galicia “xestionar o seu litoral”
- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático resalta que unha das primeiras medidas será reclamar ao Goberno central o traspaso efectivo das funcións e dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar a franxa costeira
- Ademais, a Xunta vai impulsar a creación de órganos específicos como a Comisión interdepartamental de coordinación entre os organismos autonómicos implicados ou o Foro do litoral como canle de participación
- Tamén se desenvolverán actuacións estratéxicas vencelladas a usos que poñen en valor e xeran riqueza e cohesión na franxa costeira, entre os cales cómpre destacar a creación dunha rede de sendas e outra de establecementos turísticos do litoral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe “o calendario e pasos a seguir” para o desenvolvemento da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. O obxectivo é impulsar de inmediato a aplicación práctica e efectiva desta normativa unha vez que o Pleno do Tribunal Constitucional (TC) avalou por unanimidade a súa validez e contido nunha sentenza aprobada o pasado 23 de abril. “Levamos meses parados de forma inxusta e agora imos poñer en marcha o necesario para que Galicia xestione o seu litoral”, indicou.

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, lembrou que esta lei foi aprobada en xullo de 2023 polo Parlamento galego sen ningún voto en contra. “Fomos a primeira comunidade autónoma en regular por lei todo o seu litoral”, incidiu. Sen embargo, o Executivo central decidiu recorrer a norma galega apenas tres meses despois, renunciando a abrir calquera vía de diálogo coa Xunta.

Tras o fallo do Constitucional, o Executivo autonómico vai traballar con “axilidade” para aplicar canto antes a lei do litoral galega e acabar coa inseguridade xurídica xerada pola súa paralización durante os últimos meses. Nesa liña, deseñou unha estratexia co calendario de actuacións que cómpre seguir para lograr o pleno desenvolvemento da norma e que inclúe, concretamente, a creación de órganos específicos xa previstos no propio texto, como a Comisión interdepartamental de coordinación de ordenación do litoral ou o Foro do litoral.

No primeiro caso, cómpre lembrar que esta comisión será a encargada de supervisar a elaboración, posta en marcha e seguimento dos instrumentos de ordenación nos que se apoia a lei para garantir o cumprimento do seu principal obxectivo: xestionar de forma integral e en clave galega as actividades humanas no litoral para garantir o aproveitamento sustentable dos seus recursos e a conservación dos ecosistemas costeiros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, a Comisión –cuxo decreto regulador xa se está tramitando– servirá de ponte entre os diferentes departamentos implicados no desenvolvemento das políticas e medidas previstas na Lei do litoral, a prol de simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos relacionados coa súa execución.

Constituirase tamén o Foro do Litoral de Galicia, concibido como un órgano de participación entre os distintos sectores implicados na costa, e crearanse redes ou asociacións que permitan transferir e canalizar coñecementos entre organismos científicos, sectores produtivos, sociedade civil e administracións públicas.

En canto aos instrumentos de planificación do litoral de nova creación previstos na lei galega –un total de oito–, cómpre indicar que a Xunta xa ten avanzada a tramitación da Estratexia de economía azul, que pretende servir de apoio ao crecemento sustentable dos sectores produtivos vinculados ao mar e ao aproveitamento potencial dos mares e océanos como motores da economía, e comezará a elaboración das directrices de ordenación do litoral, o instrumento marco da planificación do litoral, xa que ofrecerá unha visión global da ordenación que servirá de referencia e marcará as pautas básicas para o desenvolvemento dos demais instrumentos previstos.

De igual xeito, pero a máis longo prazo, tamén deseñará o Plan de ordenación mariña, que se centrará na planificación dos espazos mariños e que se complementará co Plan de ordenación costeira para os espazos terrestres e marítimo-terrestres. A maiores dos instrumentos novos xa mencionados, outra das accións previstas pola Xunta a curto prazo será acometer a revisión do Plan de ordenación do litoral (POL), co fin de adaptalo ao novo marco normativo autonómico.

Concesións no DPMT

Por outra banda, a aplicación da Lei do litoral permitirá outorgar concesións no dominio público marítimo-terrestre (DPMT) de Galicia. Para tal fin, regularase un procedemento integrado para a concesión destes títulos, crearase un rexistro de autorizacións e concesións e, sobre todo, reclamarase ao Estado o traspaso efectivo á Xunta das funcións e dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar a franxa litoral.

De feito, este procedemento, tal e como explicou a conselleira, iniciarase de forma inmediata ante o Executivo central e será unha das primeiras cuestións sobre as que traballará a nova Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo.

Así mesmo, e tendo en conta que a lei identifica os usos considerados estratéxicos para a costa galega porque a poñen en valor ou contribúen a xerar riqueza, emprego e cohesión social nestas zonas, a planificación da Xunta prevé o desenvolvemento dunha serie de actuacións tamén estratéxicas para o litoral.

En concreto, crearase unha rede de sendeiros costeiros e impulsárase outra de establecementos turísticos nesta mesma franxa, ao tempo que se aprobará un catálogo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de bens de valor cultural do litoral e se promoverá a regularización de bens transferidos incluídos no DPMT co obxectivo común de enxalzar o patrimonio costeiro de Galicia.

Pioneira en regular a costa en toda a súa extensión

Coa aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, Galicia converteuse na primeira comunidade española en regular por lei a franxa costeira en toda a súa extensión, é dicir, tanto mar dentro como terra dentro.

Partindo da consideración da costa desde unha tripla perspectiva (social, ambiental e económica), a norma establece unha nova zonificación desta franxa, con tres grandes áreas diferenciadas en función do seu estado de conservación e necesidades particulares, ao tempo que concreta os usos permitidos e prohibidos no litoral.

A normativa tamén delimita as actuacións e os usos estratéxicos que permitirán o seu asentamento e a ocupación da costa, e con ela dáse un paso adiante decisivo para que Galicia poida asumir, por fin, as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o Estatuto de autonomía sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre (DPMT), un proceso iniciado hai case 40 anos.

De feito, a Xunta solicitará ao Goberno central o traspaso a Galicia dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar a súa costa, paso clave para completar este procedemento.

Neste sentido, a recente sentenza do Constitucional sobre a Lei do litoral galega supón un aval á xestión por parte da Comunidade dos seus máis de 2.500 quilómetros de costa, dando seguridade xurídica ao complexo mar-industria no que traballan arredor de 40.000 persoas e que xera unha actividade económica de 9.000 millóns de euros anuais, preto do 5% do PIB de Galicia. Por iso, e tras o paro imposto polo recurso do Goberno central, a Xunta quere traballar desde xa na aplicación e no desenvolvemento da norma, apurando os prazos ao máximo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA BLINDA AS MELLORAS ÁS FAMILIAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR, MEDIDAS QUE BENEFICIARÁN O VINDEIRO CURSO O 70% DO ALUMNADO

- Rueda salienta que o obxectivo é manter “as melloras habilitadas nos últimos dous cursos” e que implicaron un aumento das achegas que reciben os estudantes
- Destaca que a Xunta consolida os vales de material de 75€ e 60€ en función da renda
- Subliña que o Fondo solidario acada os 400.000 libros para ceder aos estudantes de ensino obrigatorio grazas a un investimento de 25M€ nos tres últimos cursos
- As axudas para a compra de libros conservan o aumento experimentado este curso e volverán situarse entre 160€ e 300€ en función da situación da cada fogar

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello deu o visto e praxe a destinar 17 millóns de euros para blindar as medidas de apoio ás familias galegas para o vindeiro curso 2024/25, destinadas a facilitar a adquisición de libros de texto e material escolar. Con esta finalidade, asegurou, o Goberno galego “mantén as melloras habilitadas nos dous últimos cursos” -polo aumento dos prezos- e que, na práctica, se traducen nun incremento na achega que reciben os estudantes.

O obxectivo, tal e como resaltou Rueda, “é que o 70% dos alumnos contan con algún apoio da Xunta” á hora de acceder aos libros de texto ou o material que se precisa na actividade escolar.

En concreto, o presidente explicou que a Xunta mantén as dúas categorías do bono de material creadas o ano pasado, de 75€ e 60€ en función da renda familiar, para o cal se reserva un orzamento de máis de 9M€ fronte aos 5,5M€ do curso previo ás melloras. O mesmo sucede cos libros de texto, eido que se canaliza a través de dous mecanismos consolidados e cun funcionamento moi satisfactorio. Por unha banda, o Fondo solidario (desde 3º de Primaria ata 4º de ESO) e, por outra, as axudas de libros (para 1º e 2º de Primaria, Educación Especial ou alumnado con necesidades educativas especiais, cuxos manuais non se poden reutilizar).

No caso das axudas para libros de texto, o orzamento volve superar os 6M€, mentres que no Fondo solidario se inxecta unha nova achega de 1,2M€ que eleva a 25M€ os recursos destinados a adquirir libros desde a entrada en vigor da nova lei educativa estatal, que obrigou a renovar a totalidade dos exemplares. Grazas a isto, os colexios e institutos van dispoñer “de máis 400.000 libros no fondo solidario para poñer a disposición das familias de balde”, indicou o presidente. Nesta ocasión, non é preciso facer unha substitución ampla de libros, como si foi necesario os dous últimos veráns por mor da implantación dos novos contidos.

Estas tres ferramentas permiten que todas as familias que cumpren cos requisitos teñan cuberto de balde os libros que precisan para os seus fillos, case na súa totalidade, cun apoio maior a quen máis o necesita. No actual curso 2023/24, máis de 96.500

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

alumnos tiveron os libros de balde e máis de 128.000 accederon aos vales de material escolar. Isto, sumado aos estudantes que acceden gratis ao libro dixital, fai que máis do 70% do alumnado galego conte co apoio do Goberno autonómico neste ámbito, un obxectivo que se pretende volver a acadar coa convocatoria aprobada hoxe no Consello.

Vale de material de novo reforzado

O vale para a adquisición de material escolar vai dirixido a todas as familias con renda per cápita igual ou inferior aos 10.000€, con dous tramos de renda. No primeiro deles, rendas per cápita iguais ou inferiores a 6.000€, o vale é de 75€. Foi reforzado no curso 2022/23 (antes eran 50€) para facer fronte á suba de prezos. No segundo, de nova creación no actual curso, e que comprende as rendas superiores a 6.000€ e iguais ou inferiores a 10.000€, o vale será de 60€ por alumno. O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta, o alumnado de Educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario do vale de 75€, con independencia da renda.

Axudas para libros no reutilizables

O funcionamento das axudas para a compra de libros mantense invariable, cos mesmos tramos de renda, consolidando o incremento xeneralizado nas contías deste curso. Esta liña vai dirixida aos alumnos dos dous primeiros cursos de Primaria, nos que os libros non son reutilizables, aos de Educación especial e a aqueles con necesidades específicas de apoio educativo que lles dificultan empregar os libros do Fondo solidario.

Neste caso, mantense o incremento realizado no actual curso de entre 20€ e 30€ en función da renda familiar, e consérvase igualmente a achega de 300€, con independencia da renda, para o alumnado matriculado en Educación especial.

Así, para o alumnado de 1 e 2º de Primaria, a axuda do primeiro tramo (igual ou inferior a 6.000€) é de 240€, e a do segundo (renda superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€), de 160€. O alumnado matriculado en Educación especial (en centros específicos ou en unidades de Educación especial de centros ordinarios) ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% continuará recibindo 300€, con independencia da renda per cápita.

No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que non poida usar os libros do Fondo, hai axudas para todos os cursos de Primaria e ESO. Na etapa de Primaria, as familias do primeiro tramo de renda reciben 240€ por fillo e as do segundo 160€. Na etapa de ESO, os importes sitúanse en 270€ no primeiro e 180€ no segundo.

Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta, o importe da axuda será o maior que lle corresponda con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

Ata seis libros a través do Fondo

O alumnado desde 3º de Primaria a 4º de ESO pode acceder ao Fondo solidario de libros, salvo as situacións xa sinaladas para Educación especial e alumnado con necesidades específicas. A asignación de libros de texto realízase por orde inversa á renda per cápita

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da unidade familiar, tendo preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.

Os escolares con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros, ou que estean en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% (nestes dous últimos casos con independencia da renda) ten garantido o acceso a seis libros. Pola súa banda, as familias con tramos de renda per cápita entre 6.000 e 10.000 euros teñen acceso a catro. Tanto para acceder ao Fondo solidario como para recibir as axudas de libros e material é requisito fundamental devolver os libros do curso anterior.

Ademais, e para os casos en que o centro educativo debe adquirir algún libro para o Fondo solidario por non seren suficientes para cubrir a asignación inicial, o Goberno galego aboa por cada libro complementario 40€ en Primaria e a 45€ en ESO.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA UN 31% O FINANCIAMENTO DA REDE DE INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA, QUE SUMA CINCO NOVOS CENTROS DAS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS

- Esta nova inxección de 23,6M€ permitirá que os 13 mellores centros da Comunidade gocen de estabilidade económica para desenvolveren a súa actividade ata 2027
- Incorpóranse o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA da UDC) e o Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS da USC), que se suman aos oito que renovan a súa participación nesta alianza
- Créase unha nova categoría de centros aspirantes, tamén financiados, co CITEEC da Universidade da Coruña e o CINTECX e o ECOBAS, ambos da UVigo
- Esta acción enmárcase no Plan iTransfer de promoción da investigación e da transferencia do Sistema universitario de Galicia, dotado con 104M€ no 2024

O Consello aprobou hoxe incrementar un 31% o investimento da Xunta de Galicia na Rede de centros de investigación universitaria de Galicia e incorporar cinco novos centros a esta, dous na máxima categoría e tres na nova categoría de colaboradores, que aspiran a entrar nos vindeiros anos e que tamén recibirán financiamento autonómico.

Os novos centros co máximo recoñecemento son o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña e o Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (Cretus) da Universidade de Santiago de Compostela. Pola súa banda, a segunda categoría estréase co Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) da Universidade da Coruña, o Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx) e o Economics and Business Administration for Society (Ecobas), ambos da Universidade de Vigo.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP vai destinar case 23,6M€ para o financiamento destes 13 centros de investigación, o que lles vai permitir gozar de estabilidade económica para desenvolver a súa actividade ata 2027. Así mesmo, formarán parte desta rede que concentra a calidade da investigación universitaria galega e na cal traballan máis de 1.530 investigadores. Constitúe un pilar básico do ecosistema científico galego e unha prioridade para o Goberno autonómico, que vén de reforzar as competencias de ciencia na nova estrutura do presidente Alfonso Rueda.

Os restantes oito centros de investigación universitaria de Galicia renovaron tamén a súa acreditación de excelencia. Trátase dos seguintes: pola Universidade de Santiago de Compostela, o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (Ciqus), o Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (Cimus), o Centro de Investigación Singular en Tecnoloxías Intelixentes (Citius) e o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE); pola Universidade de Vigo, o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicacións (AtlantTTic), o Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio) e o Centro de Investigacións Mariñas (CIM), e pola

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Universidade da Coruña, o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns (CITIC).

Ese apoio consolida o modelo galego de investigaci3n universitaria, que sitúa Galicia entre as cinco mellores autonomías do Estado en apoio á actividade investigadora. De feito, é a única comunidade cun programa completo de formaci3n investigadora, é dicir, para as etapas predoutoral e posdoutoral, e cun programa de retenci3n de talento.

A Rede de centros de investigaci3n universitaria transforma a potencia individual dos centros máis avanzados do sistema nunha gran forza colectiva mediante a posta en marcha de acci3ns estratéxicas e coordinadas que contribúen a consolidar a súa excelencia, a incrementar o seu impacto social no benestar, na saúde ou na economía, e a situar Galicia como referente científico no panorama nacional e internacional.

Avaliaci3n externa

Para optar a esta acreditaci3n, os centros debían cumprir diversos requisitos, como ter financiamento na convocatoria previa do ano 2019 e superar o procedemento de avaliaci3n final; obter unha axuda no programa estatal de centros Severo Ochoa ou María de Maeztu, e outros referidos á súa gobernanza, estrutura, financiamento, calidade científica e transferencia de resultados establecidos na convocatoria.

A acreditaci3n da excelencia dos centros realizouse a partir das valoraci3ns feitas por un comité externo con base en tres grandes dimensi3ns: Organizaci3n e goberno (estratexia, gobernanza e estrutura organizativa, xesti3n do talento, financiamento e infraestrutura), Calidade da investigaci3n (proxectos, produci3n científica, colaboraci3n interna, recoñecementos, transferencia e internacionalizaci3n) e Relevancia para a sociedade (investigaci3n e innovaci3n responsable, servizos e comunicaci3n).

De acordo con estes criterios, o financiamento para cada un dos centros é o seguinte:

Universidade	Centro de investigaci3n	Importe da axuda
Universidade da Coruña	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns (CITIC)	2.126.666,67 €
Universidade da Coruña	Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)	1.906.666,67 €
Universidade de Santiago de Compostela	Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (Ciqus)	3.006.666,67 €
Universidade de Santiago de Compostela	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)	2.918.666,67 €

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Universidade de Santiago de Compostela	Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (Cimus)	2.786.666,67 €
Universidade de Santiago de Compostela	Centro de Investigación Singular en Tecnoloxías Intelixentes (Citius)	2.434.666,67 €
Universidade de Santiago de Compostela	Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (Cretus)	1.598.666,67 €
Universidade de Vigo	Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (AtlanTTic)	1.818.666,67 €
Universidade de Vigo	Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (Cinbio)	1.774.666,67 €
Universidade de Vigo	Centro de Investigación Mariña (CIM)	1.466.666,67 €

No caso dos centros da segunda categoría, denominados centros de Investigación colaborativos, na senda da excelencia, o financiamento basal outorgado é o seguinte:

Universidade	Centro de investigación	Importe da axuda
Universidade da Coruña	Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)	695.402,29 €
Universidade de Vigo	Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx)	644.827,59 €
Universidade de Vigo	Economics and Business Administration for Society (Ecobas)	404.597,71 €

Plan iTransfer

Este nova inxección económica enmárcase no Plan iTransfer de promoción da investigación e da transferencia do Sistema universitario de Galicia, dotado con 104M€ en 2024, un 16% máis, para o desenvolvemento de accións estruturadas en tres eixes, que son o reforzo do talento científico, o funcionamento das estruturas de investigación e a mellora de equipamento e persoal de apoio.

O obxectivo deste plan é impulsar a investigación en excelencia feita en Galicia e promover que os avances xerados polo persoal investigador se convertan en solucións efectivas aos retos de futuro. Cómpre lembrar que as universidades públicas representan o maior ecosistema de investigación e transferencia de coñecemento da comunidade autónoma, con preto de 7.700 investigadores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, esta acción forma parte do segundo eixe de actuación do plan, de estruturas de investigación, que inclúe os programas de apoio á consolidación e estruturación dos grupos científicos máis punteiros, a acreditación de excelencia para os centros de investigación e a especialización e acreditación dos campus.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA ESTE ANO MÁIS DE 173.000 EUROS AO PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA QUE DESENVOLVE ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

- Este programa permite que familiares se fagan cargo temporalmente dos menores cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas
- A través desta iniciativa préstase acompañamento e atención especializada a 130 nenos e adolescentes en risco de desamparo

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa durante este ano. Esta iniciativa conta cun orzamento total de 493.000 euros, dos cales a Administración autonómica financia 173.000 euros e o resto –320.000 euros– achégaos a propia entidade.

O Goberno galego atenderá, a través deste programa, 130 nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo, que son acollidos por membros da súa propia familia porque se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. Esta iniciativa estrutúrase en dous servizos que responden ás necesidades dos menores, da familia de acollida e dos proxenitores: un servizo de apoio especializado e outro de formación.

O primeiro destes servizos inclúe asesoramento e orientación, intervención tanto psicosocial como educativa, e mediacións nas relacións familiares. O segundo consiste en organizar e desenvolver sesións formativas que son obrigatorias como paso previo ao inicio de calquera acollemento.

A Xunta de Galicia e Aldeas Infantiles colaboran neste programa desde o ano 2010. Inicialmente púxose en marcha na provincia de Pontevedra e na actualidade está implantado en toda a Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA PARA POTENCIAR A COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL E TERRITORIAL CO CRECEMENTO DA FUNCIÓN LOXÍSTICA

- A Consellería de Economía e Industria asinará un acordo coa Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia con actuacións encamiñadas á promoción internacional do sistema loxístico galego, a promoción exterior da oferta de solo industrial ou á análise da eficiencia ambiental da loxística galega
- O plan conxunto de actuacións inclúe a colaboración coa Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético para elaborar o Plan director da loxística industrial, que formará parte do futuro Plan director da industria en Galicia

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o novo acordo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, e o Clúster da Función Loxística de Galicia, que terá por obxectivo potenciar a colaboración público-privada co sector na procura de promover a competitividade empresarial e territorial de Galicia a través do crecemento da función loxística.

O acordo, que suma preto de medio millón de euros dos que a Administración autonómica achega o 90%, permite reforzar a promoción internacional do sistema loxístico galego, a aposta pola innovación, a promoción exterior da oferta de solo industrial ou a análise da eficiencia ambiental da loxística galega.

Así mesmo, o plan conxunto de actuacións inclúe a colaboración coa Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético para elaborar o Plan director da loxística industrial, que formará parte do futuro Plan director da industria en Galicia.

Cómpre salientar que o sector loxístico é un dos de maior rendibilidade económica en Galicia e que lle ofrece á industria unha serie de vantaxes, entre as cales destacan as infraestruturas e a intermodalidade, a localización xeográfica, a capacidade de carga e almacenamento ou a maior rede de portos de España. Neste sentido, os portos de Galicia sitúanse nas principais rutas de transporte marítimo internacional, con preto dun centenar de servizos cara ao norte de Europa, América, África e Asia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 2,39M€ AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COPMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE CAPITALIDADE

- O Goberno galego contribúe así ao mantemento dos servizos na cidade derivados da súa condición como capital de Galicia e sede das institucións autonómicas
- A cantidade consignada para 2024 mantense estable con respecto ao ano pasado

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Concello de Santiago de Compostela. en virtude do cal o Goberno galego achegará 2,39 millóns de euros ao Consistorio compostelán no ano 2024 para o financiamento dos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma.

Este acordo enmárcase na Lei 4/2002, do Estatuto de capitalidade de Santiago de Compostela, que reconece a cidade compostelá como sede das institucións autonómicas e capital de Galicia. A citada norma regula, ademais, as relacións de colaboración e cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia.

Neste sentido, o Estatuto de capitalidade establece a necesidade de achegar, por parte do Goberno galego, financiamento específico para axudar a sufragar o custo adicional derivado da presenza das institucións autonómicas no termo municipal de Santiago de Compostela. A cantidade consignada para 2024, 2.392.425€, mantense estable con respecto ao ano pasado.

O órgano encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento deste convenio será o Consello da Capitalidade, órgano colexiado de carácter permanente creado ao abeiro do Estatuto de capitalidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA SENDA ENTRE MOLLAVAO E OS PRACERES, QUE COMPLETA A REFORMA DA ESTRADA VELLA DE MARÍN CUN INVESTIMENTO TOTAL DE 6,8 M€

- O Goberno galego licitará de xeito inmediato os traballos co obxectivo de iniciais no outono
- Executarase un itinerario peonil e ciclista de 3,5 km de lonxitude na PO-546 co obxectivo de transformar a estrada e mellorar a súa funcionalidade, orientándoa ao tránsito de peóns, ciclistas e transporte público
- O trazado da senda irá separado da estrada autonómica na travesía da Gandarela, por mor da falta de espazo entre as construcións existentes
- Habilitarase unha glorieta na intersección de acceso ao Centro de Investigacións Forestais de Lourizán coa PO-546 para reducir a velocidade dos vehículos que acceden á travesía da Gandarela desde Marín e para mellorar a seguridade nese punto
- Impúlsase a mobilidade peonil e ciclista na unión do núcleo de Marín coa cidade de Pontevedra, comunicando puntos de interese como o porto, os edificios da Xunta e os centros formativos, de saúde ou deportivos
- O Goberno galego destina un investimento global de máis de 9 M€ para transformar a antiga estrada entre Pontevedra e Marín nun itinerario de mobilidade sustentable

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación da contratación das obras para conformar un itinerario peonil e ciclista entre Mollavao e Os Praceres, que completará a reforma integral da estrada vella de Marín: a PO-546.

As obras na estrada PO-546, cuxa licitación autorizou o Goberno galego na súa reunión semanal, teñen por obxectivo a transformación da estrada autonómica e a mellora da súa funcionalidade, orientándoa ao tránsito de peóns, ciclistas e transporte público.

O investimento total desta nova actuación ascenderá ata os case 6,8 M€, tendo en conta o importe da licitación da obras, preto de 6,3 M€, e o pagamento dos 39 predios e os custos asociados aos servizos afectados para materializar a actuación.

O obxectivo da intervención é executar un itinerario pola marxe dereita da PO-546, de 3,5 quilómetros de lonxitude e un ancho que oscilará entre os 2,9 e os 4 metros, entre os puntos quilométricos 0+590 e 4+090.

Neste treito que comunica Mollavao e Os Praceres prevese a separación con respecto á estrada do trazado da senda na travesía da Gandarela, debido á falta de espazo entre as construcións existentes.

Tamén se construíra unha glorieta á altura da intersección de acceso ao Centro de Investigacións Forestais de Lourizán coa PO-546, coa finalidade de reducir a velocidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dos vehículos que acceden á travesía da Gandarela procedentes de Marín e mellorar a seguridade no acceso a este centro e na travesía para todos os usuarios da vía.

A senda complementábase, ademais, co aparcadoiro disuasorio tipo *carpooling* que a Xunta xa está executando na contorna do punto quilométrico 2+800 da PO-546 e no que está a investir 500.000 euros.

Ademais, melloraránse as paradas de transporte público, favorecendo a mobilidade en autobús entre Marín e Pontevedra, e renovarase a iluminación no treito de actuación para favorecer o uso da senda de modo seguro, tamén nos meses con menos horas de luz.

A intervención tamén prevé a construción de distintas estruturas que redundan nunha mobilidade máis sustentable, como a execución de dúas pasarelas a distinto nivel da senda peonil, unha de máis de 120 metros sobre o rego de Louriñas, e a outra de 45 metros sobre O Sartán.

Tamén se executarán muros de sostemento, necesarios pola proximidade da vía do ferrocarril nalgunhas zonas, prolongando os xa existentes para poder lograr un ancho de senda adecuado e obter zonas amplas nas cales se prevé a instalación dun parque infantil.

Tras a análise das achegas recibidas, a Xunta realizou axustes que permiten mellorar a actuación e reducir a afección, recollidos no proxecto construtivo, como pequenas variacións no deseño que permitiron minimizar a afección a algúns predios.

Ademais, mellorarase a parada de autobús situada no punto quilométrico 1+460, na marxe dereita da estrada, cunha zona de estacionamento para o autobús e un novo refuxio.

Por solicitude dos veciños do Sartán, incorpórase tamén na actuación unha nova zona de aparcadoiro en liña entre os puntos quilométricos 3+300 e 3+350, coa reserva dunha praza para persoas con mobilidade reducida.

As obras inclúen a renovación da rede de augas fecais entre os puntos quilométricos 3+800 e 4, mellorando deste xeito a drenaxe das augas pluviais.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar as obras de xeito inmediato, tras terse realizado os actos expropiatorios. O obxectivo é comezar os traballos no outono, cun prazo de execución de 18 meses.

A actuación conta co financiamento dos fondos europeos Feder 2021-27.

O Goberno galego segue avanzando no impulso da conformación deste novo itinerario de mobilidade peonil e ciclista que conecte o núcleo poboacional de Marín coa cidade de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pontevedra, que permita comunicar os puntos de interese da cidade ao longo dun eixe oeste–leste, como o porto, os servizos administrativos da Xunta e os centros formativos, de saúde ou deportivos.

Así, a intervención no treito entre Mollavao e Os Praceres complementábase coas xa executadas no treito urbano de Marín, en convenio entre a Xunta e o Concello; tamén coa xa rematada 1ª fase de acondicionamento en Estribela, en Pontevedra; cunha 2ª fase de mellora en Estribela, así como co proxecto para rematar os treitos urbanos de Marín, cuxas obras están en execución.

O Goberno galego completa así un investimento da Xunta de máis de 9 M€ que está xa a transformar esta antiga estrada entre Pontevedra e Marín nun verdadeiro itinerario de mobilidade sustentable.

Infografías das actuacións na PO-546, no treito Mollavao-Os Praceres:

Pasarela



Imaxe da senda

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 300.000 EUROS A REFORZAR O ENSINO DA LINGUA E CULTURA GALEGAS A TRAVÉS DOS LECTORADOS

Convocaranse sete novas prazas de formación para ensinar galego en universidades de Madrid, Barcelona, París, o Brasil, Italia e Croacia

A Xunta de Galicia destina 300.000 euros a reforzar o ensino da lingua e cultura galegas a través dos lectorados. O Consello da Xunta deu luz verde está mañá ao proxecto de acordo polo que se aproban e se convocan sete novas bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para este 2024.

En concreto, as bolsas de ensino desenvolveranse na Universidade Complutense de Madrid; Universitat Autònoma de Barcelona; Université de la Sorbonne Nouvelle, París III (Francia); Universidade do Estado do Río de Janeiro (Brasil); "Sapienza" Università di Roma (Italia); Universidade Federal de Bahia (Brasil) e Sveučilište u Zadru (Croacia).

O programa de formación, cunha duración máxima de tres anos, terá un marcado carácter práctico e estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e a organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

Con esta convocatoria, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude renova sete dos vinte e sete lectorados que actualmente imparten docencia nos centros das universidades nacionais e internacionais que integran a Rede de lectorados e centros de estudos galegos da Xunta.

Persoas destinatarias

Nesta convocatoria poderán participar as persoas menores de 35 anos que estean en posesión de titulacións como Filoloxía Galega, Filoloxía Románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego; o grao en Lingua e Literatura Galegas, o grao en Estudos de Galego e Español, o grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española e o grao en Galego e Portugués ou a licenciatura en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, se teñan cursados determinados créditos en galego.

Tamén se poderá presentar quen estea en posesión dalgunha das titulacións da área de Humanidades ou da área de Ciencias Sociais e Xurídicas, sempre que, como mínimo, acredite 18 créditos de lingua galega e estea en posesión do Celga 4. No caso de universidades de fóra de España, deberán contar con 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁLLES LUZ VERDE ÁS AXUDAS PARA AS SALAS DA REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO, CUNHA DOTACIÓN DE 400.000 EUROS

- O Consello aproba as bases da que será a segunda convocatoria bienal destas subvencións, coas cales se financiará a programación 2024-2025 dos espazos privados que integren a nova edición deste circuito autonómico
- Prevese a organización de 300 concertos nun máximo de 13 locais
- O obxectivo é garantir a estabilidade na oferta de música en directo en Galicia, máis alá dos eventos de gran formato, así como impulsar a súa profesionalización, a contratación de solistas e grupos galegos e a presenza de artistas femininas

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a próxima publicación da convocatoria de subvencións da Rede galega de música ao vivo, que destina 400.000 euros á programación 2024-2025 das salas privadas que integren a nova edición deste circuito autonómico. A prioridade desta iniciativa, que prevé a organización duns 300 concertos nun máximo de 13 salas, é garantir a estabilidade na oferta musical en directo, máis alá de eventos de gran formato como os festivais, ao tempo que se impulsa a contratación de solistas e grupos galegos e a presenza nos carteis de artistas femininas.

Retómase así o novo sistema de financiamento da Rede, implementado en 2022 a través dunha primeira convocatoria pública destas axudas xestionadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais. En réxime de concorrència competitiva, diríxense a salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público. Desta volta, o período de programación estenderase desde o día seguinte ao da publicación das bases ata o 30 de outubro de 2025, de xeito que o orzamento se distribuirá ao 50% entre os dous anos.

Os requisitos de contratación foron consensuados en diálogo coas principais entidades representativas dos colectivos implicados, Músicas ao Vivo e a Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo (Clubtura), e varían en función das dúas modalidades de programación que deben presentar as salas para formaren parte da Rede galega de música ao vivo.

Axudas do 100% para a contratación de grupos galegos

A primeira delas (modalidade A) céntrase na oferta musical específica para o circuito, que será subvencionada ao 100% pola Xunta cun límite de 25.500 euros por cada proposta. Os carteis subvencionados deberán constar de entre 12 e 24 concertos, distribuídos de xeito equilibrado entre as dúas anualidades, e serán por conta de solistas ou grupos que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia, dos cales un 40% deberán ser de artistas femininas sempre que sexa posible. Establécese tamén o cobramento de, polo menos, 250€ por actuación para cada integrante das formacións contratadas e un prezo mínimo por entrada de 5 euros, entre outros requisitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais da contratación artística, a través desta modalidade as salas da Rede galega de música ao vivo financiarán os gastos de produción, dereitos de autor, comercialización, promoción e publicidade, ademais dos honorarios profesionais de xestión da subvención. Para configurar cada súa programación dentro do circuito, o Departamento de Industrias Culturais da Xunta de Galicia porá á súa disposición un amplo catálogo artístico, que se configurará cos grupos e solistas galegos que se inscriban ata o 3 de maio na plataforma galescena.gal.

Mediante a modalidade B, apoiarase o desenvolvemento do resto da programación das salas, cun mínimo doutros 40 concertos durante o período indicado. Neste caso, o límite máximo de cada axuda sitúase en 7.500 euros para gastos de produción, dereitos de autor, comercialización, promoción e publicidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE UN TOTAL DE 22,7M€ NA CONTRATACIÓN DO TRANSPORTE SANITARIO TERRESTRE NON URXENTE E HOSPITALARIO URXENTE DAS ÁREAS SANITARIAS DA CORUÑA E VIGO

O número de servizos estimados totais é de 391.000 anuais, dos cales 260.000 son da Área de Vigo e 131.000 da Coruña e Cee

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación dos servizos de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, por un importe de licitación de 9.330.598 euros, e da Área Sanitaria de Vigo, por un importe de 13.464.549 euros, e un período de duración de 24 meses.

A finalidade destes contratos é a consecución dos máximos niveis de eficiencia na prestación deste transporte sanitario, establecendo os protocolos e procedementos que se consideren necesarios para a consecución de tal fin.

Os servizos que se van realizar serán o transporte interhospitalario para probas e consultas, as altas e ingresos hospitalarios, os traslados urxentes interhospitalarios, os traslados de tratamentos e consultas programadas e os traslados fóra da Comunidade Autónoma como consecuencia da asistencia sanitaria en centros referentes a nivel nacional en certas patoloxías, técnicas ou tratamentos.

Son os criterios médicos os que determinarán mediante prescrición que pacientes son os usuarios das ambulancias asistenciais ou non asistenciais e as características técnicas e o equipamento sanitario preciso en función das necesidades do doente.

391.000 servizos anuais

O número de servizos estimados totais na contratación deste servizo é de 391.000 anuais, dos cales 260.000 son da área de Vigo e 131.000 da da Coruña e Cee.

Cómpre salientar nestes contratos a inclusión das melloras das condicións económicas dos traballadores de acordo co V Convenio colectivo galego de transporte sanitario, que inclúe actualizacións dos salarios (13% para os anos 2023, 2024 e 2025), ademais de redución horaria de 8 horas en 2024 e outras 16 horas en 2025. Así mesmo, recóllese un aumento das axudas de custo, do complemento de transporte e das retribucións de festivos e días especiais, entre outros incentivos.

Cómpre sinalar, así mesmo, que nas contratacións se establece a obrigatoriedade do cumprimento do convenio colectivo galego de transporte sanitario, así como ofrecer aos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traballadores un emprego estable e de calidade, ademais de protexelos fronte aos accidentes e riscos laborais, asegurando todas as medidas de protección e prevención, proporcionando a subministración de equipos necesarios e promovendo condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

Todos os servizos de transporte sanitario dos pacientes destas áreas sanitarias se deberán realizar no menor tempo posible, pola ruta máis adecuada e nas mellores condicións técnico-sanitarias e de confort para os doentes. Para conseguir este obxectivo, as empresas adxudicatarias deberá levar a cabo xuntanzas periódicas co servizo designado polo Sergas, co fin de planificar as rutas máis idóneas.

As ditas rutas adaptaranse en función das localidades e domicilios dos pacientes e dos horarios de recollida, tratamentos e presenza dos enfermos nos centros sanitarios e a localización destes.

Cada unha das ambulancias notificará vía telemática, a tempo real, todos os cambios de estado e os tempos solicitados. A comunicación dos pacientes trasladados realizarase mediante un sistema de lectura da tarxeta sanitaria; no suposto de que non se poida utilizar este sistema, os datos do paciente deberán ser mecanizados igualmente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO CON COGAMI PARA A ATENCIÓN PERSONALIZADA DE PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS

- Rueda destaca que o obxectivo é dar unha atención específica e “mellorar a calidade de vida” de pacientes con discapacidade orgánica, é dicir, con limitacións na súa vida diaria a causa de patoloxías do ril, esclerose múltiple, transplantes medulares, párkinson, linfedema ou Crohn
- Ofreceranse terapias físicas individualizadas no domicilio, información sobre as patoloxías e recursos públicos, actuacións de carácter psicolóxico ou recuperación logopédica

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Sanidade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para ofrecer “unha atención personalizada a case un millar de pacientes cunha discapacidade orgánica derivada da patoloxía crónica que padecen”.

En concreto, serán 164.000 euros para ofrecer unha atención integral a 958 persoas con discapacidade orgánica, é dicir, pacientes con patoloxías do ril, esclerose múltiple, parkinson, linfedema ou fibrose cística, entre outras, “que teñen certas limitacións no seu día a día a causa da enfermidade” coma “dor, fatiga crónica, problemas para tragar ou perda de mobilidade”, segundo salientou Rueda.

A través dunha colaboración innovadora como complemento á asistencia do Servizo Galego de Saúde, 19 asociacións integradas en Cogami contribuirán a unha atención integral e particularizada de pacientes de enfermidades crónicas nas sete áreas sanitarias. Polo tanto, o conxunto de accións previstas están orientadas a prestar os tratamentos e as técnicas máis axeitados para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade. Ademais, tal e como resaltou Rueda as intervencións efectuaranse no contorno das persoas asistidas “tanto nas instalacións das asociacións coma en domicilios ou nas empresas”.

Coas persoas beneficiarias xa identificadas, as entidades desenvolverán actividades de información sobre as patoloxías e posibles tratamentos, o que contribúe á tranquilidade dos pacientes ante dúbidas sobre o cambio da vida diaria despois do diagnóstico, ademais de facilitar información sobre recursos públicos e privados dispoñibles.

Tal e como explicou o presidente tamén se van realizar “terapias físicas individualizadas (como fisioterapia respiratoria a domicilio para persoas con fibrose cística)”; apoio ocupacional en persoas con patoloxías con afectación física e cognitiva ou recuperación logopédica (ofrecida cando se ve afectada a fala, deglutición, comunicación, audición e outras funcións orais, “e desenvolvida tanto nas sedes das asociacións como no propio hospital”). Estas entidades prestarán igualmente apoio emocional de carácter

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

psicolóxico especializado (en casos que cursan afectación psicoemocional, condutual ou que implican a distorsión de procesos mentais, como acompañamento a pacientes en diálise ou a centros hospitalarios de referencia noutra provincia ou fóra de Galicia en caso de enfermidades de baixa prevalencia), e outros servizos dirixidos á recuperación integral das persoas con discapacidade, “como nutrición para persoas con patoloxía renal” (en coordinación personalizada cos profesionais sanitarios do Sergas que seguen os pacientes), preparación física en caso de esclerose e fibromialxia ou, entre outras, piscina terapéutica para pacientes con artrite.

Desta forma, a Xunta atende as necesidades de persoas con enfermidade crónica que deriva nunha discapacidade, na liña da Estratexia galega de saúde 2030, co obxectivo de previr o seu empeoramento, mellorar a súa calidade de vida e evitar situacións de dependencia.

As entidades colaboradoras prestan servizos a pacientes con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas (AGADHEMO), esclerose múltiple (ACEM A Coruña, ACEM Santiago, Aodemper, Avempo e Alucem), patoloxías reumáticas (Conartrite Santiago e Asearpo), párkinson (Parkinson Galicia), patoloxías do ril (ALCER Coruña, ALCER Lugo, ALCER Ourense e ALCER Pontevedra), Crohn e colite ulcerosa (ACCU), fibromialxia e fatiga crónica (Affou), fibrose cística (AGFQ), enfermidades neuromusculares (ASEM Galicia), linfedema, lipedema e outras patoloxías vasculares (AGL), e persoas afectadas por transplantes medulares (Asotrame).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 2,3 M€ PARA A TRANSFORMACIÓN DE EMPRESAS EN COOPERATIVAS OU SOCIEDADES LABORAIS DESDE A SÚA APOSTA POLA ECONOMÍA SOCIAL

- Os apoios van destinados a empresas sen remuda xeracional, unións de persoas autónomas e calquera tipo de sociedade que desexe converterse nunha fórmula de economía social ou tras a adquisición da entidade por parte das persoas traballadoras
- As axudas poderán acadar un máximo de 74.000 euros por entidade beneficiaria
- Na edición do ano 2023 resultaron beneficiarias destas axudas un total de 56 entidades: creáronse 31 novas cooperativas e 25 novas sociedades laborais, constituídas na súa maioría por persoas autónomas

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria do programa da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destinado á creación de cooperativas e sociedades laborais a partir de empresas sen remuda xeracional, da unión de persoas traballadoras autónomas, da transformación de calquera tipo de sociedade ou tras a adquisición da entidade por parte das persoas traballadoras desta.

A Xunta dedicará a esta iniciativa (Es-Transforma) 2.370.000 euros, un investimento co que se prevé que beneficie arredor de 50 novas cooperativas ou sociedades laborais. A contía máxima das axudas é de 74.000 euros por entidade (ata un máximo de 50.000 euros polos conceptos subvecionables e ata 24.000 euros polos incrementos adicionais previstos).

Máis polo miúdo, as axudas van destinadas a aquelas empresas mercantís que non teñen remuda xeracional: no caso de ausencia de remuda xeracional, cando as persoas desempregadas que traballaban nunha sociedade que non ten remuda xeracional por xubilación ou crise económica e constitúan unha cooperativa ou unha sociedade laboral, e para fomentar a unión en cooperativa ou sociedade laboral de persoas autónomas que precisen acadar unha maior seguridade, fortaleza e solvencia cunha destas dúas fórmulas de economía social, o que incrementaría tamén a carteira de clientes.

Así mesmo, estes apoios poden achegarse para a transformación de todo tipo de sociedades en cooperativas ou sociedades laborais, apostando por un modelo de negocio sustentable no tempo, resiliente, solidario e cunha organización democrática, onde a prioridade son as persoas e os obxectivos sociais. Por último, destas axudas tamén se poderán beneficiar as persoas traballadoras que decidan asumir a titularidade da empresa para a cal traballan a través dunha cooperativa ou sociedade laboral.

O programa pretende contribuír a visibilizar e promover a economía social como motor de crecemento económico sustentable, que crea emprego de calidade, integrador e asentado no territorio. A través das achegas, a Administración autonómica farase cargo de ata o 80% dos custos, cun límite máximo de 50.000 euros, nos que incorran estas entidades no eido do asesoramento legal, rexistro, notaría e informes; para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento da imaxe corporativa; obtención de certificacións de calidade; márketing, comunicación ou relanzamento comercial, ou plan de protección de datos.

Os apoios abranguen tamén os gastos realizados en equipamento informático e outros, desenvolvemento web, melloras na eficacia enerxética, reformas e mobiliario dos locais, e elementos de transporte.

Incrementos de 3.000 euros

A contía da axuda incrementarase en 3.000 euros (ata un máximo de 24.000 euros) se a sede social da entidade beneficiaria está situada nun concello rural; no caso das entidades beneficiarias que estean formadas maioritariamente por mulleres; se a actividade económica da nova entidade beneficiaria é un sector en que as mulleres se encontran subrepresentadas, e no caso das entidades que estean formadas maioritariamente por persoas menores de 30 anos, emigrantes retornados, persoas maiores de 45 anos, por persoas con discapacidade ou por persoas trans.

Nesta nova convocatoria será obrigatorio manter, polo menos durante un período de tres anos desde a data da resolución de concesión da axuda, a forma xurídica de economía social elixida para a transformación (cooperativa ou sociedade laboral), así como a actividade empresarial e o emprego xerado. O obxectivo é garantir o compromiso de permanencia das novas entidades no ámbito da economía social para promover así a súa actividade económica dentro dos principios e valores deste sector durante máis tempo.

Na edición do ano pasado 2023 resultaron beneficiarias destas axudas un total de 56 entidades: creáronse 31 novas cooperativas e 25 novas sociedades laborais, constituídas na súa maioría por persoas autónomas.

En todo o ano 2023 creáronse 138 novas cooperativas e 56 sociedades laborais en Galicia, polo que estes datos reflicten que o 22,46% das cooperativas que se puxeron en marcha se constituíron mediante unha transformación. A porcentaxe de creación de sociedades laborais a través destes apoios tamén é salientable, xa que o 44,64% elixiron este método de transformación para constituírse. É preciso tamén pór en valor o feito de que en 2021 e 2022 se crearon 28 e 24 novas sociedades laborais, respectivamente, e en 2023 un total de 56 (máis do dobre que en 2022).

Esta iniciativa enmárcase na Estratexia de economía social de Galicia Horizonte 2027, que recolle como actuacións prioritarias o reforzo dos programas de creación de emprego. En 2024, a economía social seguirá ser un dos principais eixes de acción cun orzamento que experimentará un incremento do 3% respecto ao ano anterior, chegando a un total de máis de 43,6 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA A QUINTA EDICIÓN DO PROGRAMA DE MENTORÍA PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DE 200 TRABALLADORES AUTÓNOMOS

- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinará un novo convenio de colaboración coa Fundación Ronsel para axudar os emprendedores a incrementar os seus contactos, reducir riscos e mellorar a súa actividade
- Desde que naceu a iniciativa en 2020, a Xunta asesorou máis de 850 traballadores autónomos a través deste programa

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Ronsel colaborarán na posta en marcha da quinta edición do programa de mentoría, que desenvolven conxuntamente desde 2020, para mellorar a competitividade dunhas 200 persoas traballadoras por conta propia. O Consello da Xunta de Galicia deu o visto e praxe a esta colaboración, que se formalizará mediante a sinatura dun convenio dotado con 250.000 euros e que, por primeira vez, estará financiado por fondos europeos canalizados a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

Con este programa, a Administración autonómica quere reducir os riscos das persoas traballadoras autónomas na súa actividade profesional, acompañándoas na adaptación ou transformación dos seus negocios ás necesidades de mercado. En paralelo, búscase que os profesionais poidan ver incrementados os seus contactos e a súa actividade económica mediante melloras, entre outras, na área de xestión.

O programa ten por beneficiarios a autónomos consolidados, cunha alta de máis de 42 meses de antigüidade.

A iniciativa conta cunha traxectoria de catro anos, téndose desenvolvido desde 2020 coa participación de máis de 850 persoas e un investimento de 1,2 millóns de euros.

Na última edición, a cuarta, que tivo lugar en 2023, tomaron parte 50 mentoras e mentores e 214 profesionais en proceso de adaptar ou transformar os seus negocios. Máis do 90% das persoas que participaron no programa valoraron como bastante ou moi útil a iniciativa no momento do seu remate. O 22% dos casos asegurou ter incrementada a súa cifra de negocio e un 10% fixo algunha contratación, aspectos que demostran a eficacia do programa.

No marco da iniciativa impúlsase unha Rede de mentoras e mentores aos cales se lles dá formación, actividades de *networking* e cualificación. Tamén se acollen encontros de carácter presencial e actividades na modalidade en liña: charlas abertas de promoción da actividade profesional, reunións en torno aos consellos de mentoras e mentores e webinaros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Transferencia de experiencia

O Goberno galego está a apostar polo mentorado como unha ferramenta de desenvolvemento do potencial das persoas. Conta na súa misión coa Fundación Ronsel, que acredita máis de 20 anos de traballo man con man coas persoas emprendedoras.

Esta metodoloxía permítelles ás persoas mentoras transferiren a súa experiencia aos participantes no programa, establecéndose unha relación de confianza entre ambas as partes que se instrumenta mediante un proceso de acompañamento e orientación a través da experiencia.

Grazas a esta iniciativa, a Xunta de Galicia está a desenvolver o potencial dos traballadores autónomos, poñendo ao servizo do mercado o seu talento.

Como acción complementaria do programa, a Xunta apoia o subprograma *Galicia Camiño Emprendedor*, a través do cal se organizan etapas anuais do Camiño de Santiago coa finalidade de impulsar o proceso de mentorización e reforzar as relacións profesionais das persoas participantes.

Entre outros beneficios, o Camiño serve como marco para incrementar as habilidades de comunicación e xerar alianzas profesionais. Do mesmo xeito, dáse pulo a negocios de hostalaría e aloxamento vencellados coa ruta xacobeá, que destacan pola súa singularidade ou polo traballo na defensa da tradición.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ A SÚA APOSTA POLO FOMENTO DO CASTIÑEIRO CUNHA NOVA ORDE DE AXUDAS PARA PLANTACIÓN E MELLORA DE SOUTOS DOTADA CON MÁIS DE 1,3 M€

- As achegas, que se publicarán proximamente no DOG, enmárcanse no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e alíñanse co Plan forestal de Galicia e co Programa estratéxico do castiñeiro
- Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos, tanto os propietarios como os arrendatarios ou xestores
- Con esta iniciativa, dáse continuidade ao labor desenvolvido nos últimos anos pola Xunta nesta materia e, en concreto, ás axudas publicadas en febreiro de 2023 que foron aprobadas por preto de un millón de euros e que van permitir a plantación de case 20.800 castiñeiros para froito na nosa comunidade
- O castiñeiro está considerado unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais e é un recurso de gran relevancia desde o punto de vista da alimentación (humana, de animais domésticos ou fauna silvestre), como tamén polo seu valor madeireiro

A Xunta seguirá fomentando a plantación de castiñeiros para froito e a rexeneración e mellora de soutos tradicionais cunha nova liña de axudas que nos anos 2024 e 2025 terá unha dotación total de 1.357.914,81 euros. O Consello do Goberno galego tomou hoxe razón desta medida, que se enmarca no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

En concreto, estas achegas -que se publicarán proximamente no *Diario Oficial de Galicia*- estrutúranse en dúas liñas. En primeiro lugar, unha destinada a fomentar as plantacións de castiñeiro para froito, financiando a plantación, os peches perimetrais e o panel informativo. En segundo termo, outra liña para promover a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, apoiando accións como os tratamentos silvícolas, o aumento da densidade dos soutos mediante a plantación de castiñeiros, a loita integral contra o verme da castaña e os peches perimetrais, entre outras iniciativas.

Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos, tanto os propietarios como os arrendatarios ou xestores. O prazo de presentación de solicitudes será de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para a presentación de solicitudes. O prazo máximo para presentar a xustificación das actuacións subvencionables é o 30 de xuño de 2025.

Antecedente inmediato

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta iniciativa, dáse continuidade ao labor desenvolvido nos últimos anos pola Xunta nesta materia. Así, como antecedente inmediato, cómpre lembrar a orde de axudas publicada en febreiro de 2023 con esta mesma finalidade, aprobadas por preto de un millón de euros e que van permitir plantación de case 20.800 castiñeiros para froito na nosa comunidade.

Nesa convocatoria aprobáronse, en conxunto, un total de 69 expedientes, para actuar en 244 hectáreas. O maior número de solicitudes, hectáreas de actuación e orzamento aprobado concéntrase na provincia de Lugo. Esta provincia acumula o 60% do orzamento e o 57% da superficie de actuación.

Estas medidas de fomento alíñanse con diferentes plans de ámbito nacional e autonómico. Así, encaixan no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, que aposta pola "conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade", apoiando, entre outros, investimentos en "restauración de ecosistema e infraestrutura verde".

A actuación tamén se aliña coa primeira revisión do Plan forestal de Galicia "cara á neutralidade carbónica", que nun dos seus eixes estratéxicos fai referencia ao Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña, que establece unha diagnose da situación actual dos castiñeiros en Galicia como base para programar 36 actuacións integradas en 5 eixes de intervención. Estes eixes son os de planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro en Galicia; investigación, transferencia e apoio ao sector viveirístico; desenvolvemento e revitalización de recursos e aproveitamentos; impulso da comercialización e fomento da calidade da castaña; impulso ao desenvolvemento da IXP Castaña de Galicia, e a mellora da competitividade e do valor engadido das empresas.

Relevancia do castiñeiro en Galicia

O castiñeiro está considerado unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais e é un recurso de gran relevancia desde o punto de vista da alimentación (humana, de animais domésticos ou fauna silvestre), como tamén polo seu valor para usos madeiros.

Ademais desas utilidades como materia prima básica para a industria alimentaria ou madeireira, o ecosistema creado nos soutos orientados á produción de castaña ou á produción de madeiras repercute tamén positivamente na creación de valor como recurso turístico e paisaxístico. Desde o punto de vista ambiental, actúa como elemento de defensa contra os incendios forestais e protección do solo ou como hábitat para a proliferación doutras especies animais e vexetais que poden ser compatibles dentro do propio souto. Por todo iso, o castiñeiro veu sendo a especie forestal cunha maior tradición e apego sociocultural das economías rurais en Galicia durante moito tempo.

Na actualidade, Galicia é a principal comunidade autónoma en produción e exportación de castañas de España, por diante doutros territorios como Castela e León, Andalucía ou Extremadura. De feito, Galicia absorbe máis da metade da produción de castañas a nivel

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nacional e unha porcentaxe similar das comercializadoras e industrias de primeira e segunda transformación vinculadas a este aproveitamento forestal.

Ese volume de produción anual tradúcese nun impacto económico a nivel autonómico de máis de 20 millóns de euros pagados aos produtores, o que xera un valor superior aos 50 millóns de euros en comercialización unha vez transformados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSA UN NOVO PARADIGMA QUE REFORZA AS RESERVAS MARIÑAS DE INTERESE PESQUEIRO COA APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN A TRES ANOS PARA LIRA E CEDEIRA

- O Consello da Xunta abordou os cambios que introducen as mellores medidas de ordenación tradicional, espacial e adaptativa, que se sustentan no enfoque ecosistémico da pesca e nunha coxestión e gobernanza compartida co sector
- A fórmula circunscríbese na Política pesqueira común e ten como finalidade garantir que as actividades dentro dos espazos amparados sexan sustentables a longo prazo
- Xunto co aspecto ambiental, apóstase por actuar de forma coherente tamén cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego

O Consello da Xunta abordou na súa reunión de hoxe o impulso dun novo paradigma de xestión para as reservas mariñas de interese pesqueiro de Galicia, coa aprobación dos plans de xestión para Lira e Cedeira, que introduce as mellores medidas de ordenación tradicional, espacial e adaptativa, sustentadas no enfoque ecosistémico da pesca e na gobernanza compartida baseada na coxestión, o que incrementa a eficacia do modelo. Unha das súas principais novidades é que serán plurianuais, con tres anos de vixencia.

Esta ferramenta de xestión circunscríbese dentro das metas e obxectivos da Política pesqueira común (PPC) e ten como finalidade garantir que as actividades que se van desenvolver dentro do espazo regulado nas reservas sexan sustentables a longo prazo, apostando polo aspecto ambiental e actuando de forma coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego dentro dun mundo cada vez máis globalizado onde os instrumentos internacionais necesitan estar incorporados á lexislación comunitaria, nacional e autonómica, co fin de ser aplicada e harmonizada en función das prioridades establecidas en Galicia e as metas do desenvolvemento sustentable.

Coa implantación do novo paradigma de xestión nas reservas mariñas galegas dos Miñarzos (Lira) e Ría de Cedeira preténdese producir mellores resultados que as medidas de ordenación tradicionais que se viñan considerando ata o momento, representando así unha ferramenta que contribuirá tanto ao logro da ordenación pesqueira como á realización dos obxectivos de conservación da biodiversidade, e ambas compaxinadas co enfoque ecosistémico da pesca.

As características esenciais do novo modelo de xestión das reservas mariñas galegas susténtanse en cinco piares: o primeiro é un modelo de xestión baseado na ordenación tradicional, espacial e adaptativa baseada no enfoque ecosistémico da pesca (EEP). O modelo de gobernanza baséase na coxestión xunto ao sector nas áreas protexidas e a vixencia do plan de xestión será plurianual, para os anos 2024, 2025 e 2026. A categoría de protección é a VI dentro da clasificación da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN), que permite nestas áreas o uso sustentable dos recursos naturais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outros cambios que se impulsan coa nova fórmula pasan por modificar as disposicións normativas reguladoras das reservas para adaptar os cambios previstos e favorecer a simplificación administrativa. Tamén se prevé introducir as TIC na xestión e avaliación destas áreas protexidas de interese pesqueiro e crear unha marca específica de calidade que distinga a súa produción.

Traballarase, ademais, para fomentar e desenvolver a capacitación técnica necesaria para os usuarios e xestores, mediante programas de formación que reforcen as capacidades interdisciplinarias. Tamén se realizarán estudos, investigacións e recollida de datos con base nun sistema de seguimento e avaliación que asegure que as metas e os obxectivos das reservas poidan ser logrados.

Preservar recursos, hábitats e medio de vida

O obxectivo final é ordenar a actividade pesqueira nas reservas, establecendo as mellores medidas de regulación para garantir a calidade e o control da actividade para o sector, a Administración e os consumidores. A mellora na xestión da pesca artesanal favorecerá o desenvolvemento sustentable das localidades costeiras, a preservación dos recursos e os hábitats, e tamén permitirá integrar a aposta en favor da cultura marítima dentro dos enfoques sociais e económicos de conservación do medio mariño, así como facilitar o uso dun turismo adecuado a pequena escala.

A reserva ds Miñarzos creouse en 2007 e o último rexistro de buques existentes permitía faenar a algo menos dun cento de buques. O ano pasado, a lonxa de Lira achegouse aos 88.000 quilos de capturas e 905.000 euros de facturación. Na reserva da Ría de Cedeira, creada en 2009, hai 26 barcos de ata 1,5 GT no censo de embarcacións que poden faenar, xunto a 24 máis para a captura de percebe e 16 mariscadoras a pé. O ano pasado, na lonxa de Cedeira comercializáronse 1.336.128 quilos de produtos cun valor que roldou os 7,5 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,27 M€ PARA QUE O SECTOR AGRÍCOLA PRIMARIO OPTIMICE O SEU CONSUMO ENERXÉTICO E APOSTE POLAS RENOVABLES

- Os apoios, que impulsarán a mobilización de 4,3 millóns de euros, permitirán un aforro duns 400.000 euros ao ano e unha redución de emisións de CO₂ equivalente a plantar 36.000 árbores
- Apoiarase a promoción de instalacións de enerxías renovables eléctricas mediante instalacións fotovoltaicas ou minieólica, e actuacións de mellora da eficiencia enerxética
- Favoreceranse os investimentos en instalacións agrícolas prioritarias e aqueles que se localicen en zonas economicamente menos favorecidas

A Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), vai pór en marcha unha nova convocatoria de axudas dotada con 1,27 millóns de euros co obxectivo de que empresas e autónomos do ámbito agrícola primario poidan optimizar o seu consumo enerxético e desenvolver proxectos de enerxías renovables eléctricas.

Tal e como se sinalou hoxe no Consello da Xunta, os apoios favorecerán a mobilización de 4,3 millóns de euros e un aforro de enerxía anual equivalente a 264.000 litros de gasóleo. Neste sentido, os beneficiarios aforrarán uns 400.000 euros ao ano no abastecemento enerxético grazas a estes apoios, mentres que o impacto na redución de CO₂ é o equivalente a plantar 36.000 árbores.

O prazo de presentación de solicitudes da convocatoria, que se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) mañá, 30 de abril, permanecerá aberto ata o 30 de maio. En concreto, apoiarase a promoción de enerxía renovable eléctrica mediante instalacións fotovoltaicas ou minieólica, e actuacións de mellora da eficiencia enerxética.

Mediante esta convocatoria, en concorrencia competitiva e financiada con fondos Feader, serán subvencionables actuacións que se executen en zonas rurais e teñan un investimento mínimo de 5.000 euros por solicitude (IVE non incluído). A contía da axuda é do 30% do custo elixible no caso de grandes empresas, do 40% para medianas e do 50% para pequenas empresas, cun máximo de 100.000 euros por proxecto e de 300.000 euros por empresa, salvo no suposto de instalacións de autoconsumo colectivo, en que se establece unha axuda máxima de 500.000 euros por proxecto e por empresa.

Con esta convocatoria búscase reducir os custos enerxéticos e a factura de enerxía das empresas e autónomos do sector agrícola primario galego para mellorar a súa competitividade, diminuír o consumo de enerxías convencionais para reducir a dependencia enerxética dos derivados de petróleo, aumentando a eficiencia enerxética e promovendo a introdución da mellor tecnoloxía dispoñible, e propiciar unha mellora socioeconómica das áreas rurais e a súa protección ambiental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Á hora de seleccionar os proxectos, ademais de valorar as súas características técnicas, primaranse as explotacións inscritas na sección de explotacións agrarias prioritarias do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga). Tamén se outorgarán puntos en función da renda dispoñible bruta por habitante do concello en que se desenvolvan, priorizando os que se instalen en zonas economicamente menos favorecidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE MELLORA DA ESTRADA OU-212 NO TREITO INTERURBANO DO CONCELLO DE BEARIZ E NA TRAVESÍA DE LIÑARES, EN AVIÓN

- A actuación suporá un investimento autonómico de máis de 1,3 M€
- Trátase dunha 1ª fase de acondicionamento do tramo de algo máis de 6 quilómetros desta vía autonómica que resta por optimizar, entre o centro urbano de Beariz e o desvío ao núcleo de Couso
- No treito interurbano de Beariz ampliarase a plataforma da vía ata os 7 metros entre a capitalidade do concello e o quilómetro 7+350, punto en que se aumentará o raio da curva de 30 a 50 metros
- No municipio de Avión humanizarase a travesía de Liñares, coa renovación das beirarrúas para unha maior accesibilidade, xunto co firme da calzada
- O proxecto inclúe, ademais, a renovación da capa de rodada en dous tramos da OU-212 en Avión para dar homoxeneidade á actuación
- A Xunta someterá o proxecto a información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de poder licitar as obras a comezos de 2025
- O Goberno galego traballa para darlles continuidade ás sucesivas melloras desta vía autonómica, que une a N-541 na Ermida coa OU-504 en Beade, e que é o principal acceso ás capitalidades dos concellos de Avión, en que leva investidos 6,8 M€

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á aprobación provisional do proxecto de mellora da estrada autonómica OU-212, no seu percorrido polo treito interurbano do concello de Beariz, e na travesía de Liñares, no municipio de Avión.

Esta actuación conta cun investimento do Goberno galego estimado en máis de 1,3 M€ e correspóndese coa 1ª fase de acondicionamento do tramo de algo máis de 6 quilómetros desta vía autonómica, entre o centro urbano de Beariz, á altura do punto quilométrico 6+250, e o desvío ao núcleo de Couso, no quilómetro 12+620. No seu conxunto, a actuación suporá un investimento total de 3,85 M€.

Nesta 1ª fase de acondicionamento, as obras de mellora da estrada no treito interurbano de Beariz consistirán na rectificación da curva do quilómetro 7+350, aumentando o raio de 30 a 50 metros, e na mellora do firme e ampliación da plataforma ata os 7 metros entre a capitalidade do concello e a curva do quilómetro 7+350. Neste tramo, actualmente a OU-212 é unha estrada convencional sen beiravía, con dous carrís por sentido de 3 metros de anchura cada un, nun contorno interurbano.

A actuación no treito da vía ao paso polo municipio de Avión céntrase na travesía de Liñares, que vai do quilómetro 8+760 ao 9+610, e será humanizada. Neste treito manterase, en xeral, a distribución da sección actual, pero buscando como obxectivo básico a integración da vía no contorno urbano de Liñares, recuperando a súa identidade urbana e priorizando a figura do peón.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En toda a lonxitude da travesía construíranse beirarrúas e bandas de aparcamento a un mesmo nivel, cun cambio no acabado do pavimento e separación por bordo de 10 centímetros de anchura. Este deseño facilita que toda esta superficie poida ser utilizada polos peóns, tamén as bandas de aparcadoiro cando estas non estean ocupadas por vehículos.

Ademais, o bordo que separará estas zonas da beirarrúa e o aparcadoiro da calzada elévase unicamente 2 centímetros sobre a rodada, continuando así coa percepción dun espazo onde o peón cobra maior importancia.

En dúas zonas concretas, do quilómetro 8+925 ao 8+950 e do 9+200 ao 9+255, unifícase o pavimento de toda a sección, creando unha plataforma compartida con prioridade peonil ante a escasa anchura das beirarrúas actuais.

A actuación incluírá outras melloras complementarias, como o acondicionamento dos accesos existentes á estrada OU-212, a renovación da iluminación e das varandas de protección peonil, así como a reposición de servizos afectados e a renovación da sinalización, adecuándoa ao novo deseño da vía.

Tamén, froito das reunións mantidas cos responsables dos concellos durante a planificación e redacción do proxecto, se inclúe nesta intervención a renovación da capa de rodada de dous tramos da OU-212, para dar homoxeneidade á actuación, entre os puntos quilométricos 10 e 11 e entre os quilómetros 15 e 15+500, dentro do termo municipal de Avión.

Agora, tras o acordo hoxe do Executivo autonómico, nas vindeiras semanas someterase ao trámite de información pública o proxecto, por un prazo dun mes.

Este é un trámite necesario para que os interesados poidan presentar suxestións, e tamén para os efectos expropiatorios, xa que coa intervención se afectan 20 predios particulares cunha superficie de 3.493 m².


A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto no outono, para a finais de ano realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras no primeiro trimestre de 2025. O prazo para a realización dos traballos é de 14 meses.

O Goberno galego continúa traballando para darlles continuidade ás sucesivas melloras levadas a cabo nos últimos anos nesta vía autonómica, que une a N-541 na Ermida coa OU-504 en Beade, e que é o principal acceso ás capitalidades dos concellos de Avión, melloras en que a Xunta leva investido un total de 6,8 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Treito de actuación en Beariz con rectificación da curva do quilómetro 7+350



Sección tipo travesía de Liñares. Tramos de beirarrúa e aparcamento segundo tramos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Treitos da actuación da 1ª fase

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONCURSO DE MÉRITOS DO SERGAS PARA PRAZAS DE DIFÍCIL COBERTURA CONSEGUE CAPTAR 16 PROFESIONAIS DE ESPAÑA, PORTUGAL, FRANCIA E SUECIA

- A Xunta logra cubrir en menos dun ano a totalidade das 174 prazas ofertadas en hospitais comarcais e na área de saúde mental
- Entre as prazas adxudicadas, 16 correspóndense con persoal que traballaba en Suecia, Francia, Portugal, Madrid, Cataluña, Canarias e Asturias
- Dos 174 profesionais nomeados, 24 non exercen actualmente no Servizo Galego de Saúde
- Xa se incorporaron aos seus postos fixos 98 facultativos nas sete áreas sanitarias
- Galicia foi pioneira ao aprobar unha lei de medidas extraordinarias para cubrir postos considerados de difícil cobertura de determinado persoal sanitario que está a ser replicada noutras comunidades autónomas

O Servizo Galego de Saúde consegue incorporar para postos considerados de difícil cobertura 24 facultativos que non estaban a traballar na sanidade pública galega actualmente, dos que 16 exercían en Suecia, Francia, Portugal e nas comunidades autónomas de Asturias, Cataluña, Madrid e Canarias. Polo que se captan profesionais de fóra de Galicia, de centros privados e doutras entidades.

Así se desprende do informe sobre a adxudicación de postos de difícil cobertura nos hospitais comarcais e no ámbito da saúde mental elaborado pola Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas do que hoxe tomou conta o Consello da Xunta. Neste informe recóllese a resposta que o Goberno galego desenvolveu á dificultade de cubrir determinadas prazas de especialistas médicos en hospitais comarcais e de facultativos especialistas en psicoloxía clínica e psiquiatría no ámbito da saúde mental.

Por medio da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, impulsada polo Goberno galego, o Sergas convocou un proceso selectivo por concurso de méritos co que incorporar profesionais valorando como méritos a experiencia, a formación académica e continuada e, entre outras, publicacións científicas. Desta forma, desde a convocatoria do proceso en maio de 2023 sen necesidade de exame, a Xunta cubrirá en menos dun ano as 174 prazas ofertadas.

Como mostra da axilidade do proceso e do seu atractivo, foron presentadas 827 solicitudes de participación (238 na área de saúde mental e 589 no resto de especialidades convocadas).

Despois da publicación do seu [nomeamento no Diario Oficial de Galicia](#), desde o 24 de abril ata o 23 de maio incorpóranse 93 profesionais de diversas especialidades a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

hospitais comarcais e, no ámbito da saúde mental, 44 psiquiatras e 37 psicólogos. Na actualidade xa tomaron posesión nas súas prazas 98 profesionais nas sete áreas sanitarias (6 en Ferrol, 17 na área da Coruña e Cee, 11 en Santiago de Compostela e Barbanza, 25 en Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, 18 en Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, 14 en Vigo e 7 en Pontevedra e O Salnés).

En concreto, nas sete áreas sanitarias os destinos da área de saúde mental distribúense en 16 na área da Coruña e Cee (10 psiquiatras e 6 psicólogos); 8 na de Ferrol (3 psiquiatras e 5 psicólogos); 14 na de Santiago de Compostela e A Barbanza (8 psiquiatras e 6 psicólogos); 10 na área de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos (6 psiquiatras e 4 psicólogos); 5 na área de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras (1 psiquiatra e 4 psicólogos); 19 na área de Vigo (11 psiquiatras e 8 psicólogos) e, finalmente, 9 na área de Pontevedra e O Salnés (5 psiquiatras e 4 psicólogos).

En canto aos facultativos especialistas de área para reforzar a asistencia á poboación nos hospitais comarcais, estes profesionais incorporaranse aos hospitais de Cee (6 especialistas), Barbanza (10 especialistas), A Mariña (16 especialistas), Monforte de Lemos (20 especialistas), Valdeorras (16 especialistas), Verín (14 especialistas) e O Salnés (11 especialistas).

O 70 % das persoas nomeadas neste proceso selectivo son facultativas (112 mulleres e 52 homes).

A convocatoria do Sergas prevé un procedemento que, en caso de que algún profesional nomeado non se incorpore ao servizo activo en prazo, a Administración poida seleccionar novos aspirantes atendendo á puntuación resultante da lista definitiva. Desta forma, garántese a máxima cobertura de postos claves con incorporación inmediata de persoal estable.